

CONCURSO INICIATIVAS COOPERATIVAS 2015

A finalidade deste concurso é estimular o labor das persoas que interveñen nos procesos de asesoramento e impulso de proxectos empresariais, para que fomenten o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia.

Con este obxecto premiaranse as persoas impulsoras das mellores iniciativas de proxectos empresariais organizadas baixo a fórmula cooperativa. Os proxectos terán por obxecto o impulso e aproveitamento integral dos recursos locais no ámbito galego de xeito que poidan incentivar o desenvolvemento local en xeral, e rural en particular.

Destinatarios

Poderán participar neste concurso as persoas físicas pertencentes a colectivos tales como:

- axentes de desenvolvemento local, de extensión pesqueira, de extensión agraria,
- técnicos e técnicas de emprego, de grupos de acción local, das oficinas de fomento cooperativo e da Rede Eusumo, das asociacións de cooperativas, das Consellerías do Medio Rural e do Mar e de Traballo e Benestar,
- orientadores e orientadoras educativos e laborais,
- persoas asesoras e consultoras de cooperativas.

Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas físicas impulsoras de proxectos empresariais cooperativos.

Presentación dos proxectos

A solicitude de participación xunto co proxecto presentaranse na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar, edificio administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela).

Premio

Premio á mellor iniciativa cooperativa, cunha dotación económica de 5.000 euros.

Prazo

O prazo de presentación das solicitudes e dos proxectos remata o 15 de maio de 2015. Non obstante se o período de presentación resultara inferior a un mes, as solicitudes e os proxectos poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

As bases da convocatoria pódense consultar:

na web www.cooperativasdegalicia.coop no Diario Oficial de Galicia número 75, publicado o día 22 de abril de 2015.